



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

OCUPACIÓN HOTELEIRA

Análise nos destinos urbanos de Galicia

Xuño 2025



DESTINOS URBANOS DE GALICIA

Xuño 2025

	A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Viaxeiros aloxados	47.596	5.902	104.465	16.467	12.050	12.700	47.072
Noites	97.623	13.580	165.367	30.553	22.017	20.834	78.224
Var. Viax. 25/24	4,9%	-21,2%	10,0%	16,0%	-5,5%	-12,1%	-1,1%
Var. Noites 25/24	10,3%	-7,7%	5,0%	5,2%	-6,9%	-4,7%	-12,2%
Estadía Media	2,05	2,30	1,58	1,86	1,83	1,64	1,66
Var. EM 25/24	5,1%	17,1%	-4,6%	-9,3%	-1,4%	8,4%	-11,2%
% Ocupación	61,9%	42,7%	70,7%	48,8%	54,8%	55,7%	47,2%
Var. Ocupac. 25/24	6,74	-2,56	2,90	-0,97	-4,11	2,24	-7,31
Prazas	5.241	1.060	7.752	2.085	1.337	1.238	5.469
Var. Prazas 25/24	-1,0%	-1,9%	1,6%	7,4%	0,1%	-8,4%	1,6%

- No mes de xuño deste ano 2025 os destinos urbanos de Galicia presentan un importante nivel de demanda. En termos globais rexístranse máis de 246 mil viaxeiros aloxados e 428 mil noites nos establecementos hoteleiros das cidades de Galicia. Supón isto que o turismo urbano representa o 42% do total da comunidade -catro de cada dez noites en Galicia-, a porcentaxe máis baixa dos últimos meses e inferior tamén á de xuño do pasado ano –en 2024 o peso do turismo urbano situábase dous puntos por encima, no 44% do total de Galicia-. No verán o peso do turismo urbano diminúe por debaixo do 40% entre outros motivos polo incremento que se produce nos restantes destinos da comunidade -litoral galego, Camiño de Santiago, etc-.
- En xuño sitúase novamente Santiago, por cuarta vez consecutiva, como o destino líder do turismo urbano en Galicia –substituíndo a A Coruña que puntualmente liderou o ranking a nivel autonómico en febreiro, e a Vigo que o fixo en decembro por mor da celebración do Nadal-. Con algo máis de 165 mil noites a cidade compostelá absorbe o 39% do total do turismo urbano -catro de cada dez noites- e o 16% do conxunto da comunidade. Sitúanse a continuación A Coruña -a certa distancia, con 98 mil pernoctacións- e Vigo -a maior



distancia neste caso, con 78 mil noites-. A pesar das diferenzas unha vez máis boa parte do turismo urbano concéntrase nestas tres cidades pois representan en conxunto o 80% das noites hoteleiras urbanas de Galicia –porcentaxe algo superior á dos últimos dous meses-.

- O 20% restante concéntrase nas outras catro cidades sendo neste caso Ferrol o destino de menor volume e peso neste sexto mes – absorbe o 3,2% do total urbano-. En síntese, o reparto territorial entre as tres grandes cidades e o resto mantense relativamente estable mais con diferenzas a nivel interno.
- En termos dinámicos rexístrase neste mes un comportamento positivo da demanda a nivel urbano por canto o volume de noites no conxunto das sete cidades de Galicia increméntase levemente, un 1% en particular -nun contexto de crecemento do 4% da cifra de viaxeiros aloxados-. Acontece isto por quinta vez neste ano, igual que de xaneiro a abril, contraponéndose á estabilidade observada en maio.
- Internamente obsérvase, en cambio, un comportamento variable. Así, o volume de noites increméntase en tres cidades, con maior intensidade en A Coruña -coa suba do 10%- e de forma máis moderada en Santiago e Lugo -ambos co crecemento do 5% interanual-. O nivel de demanda descende, en cambio, nas catro cidades restantes -un 5% en Pontevedra, un 7% en Ferrol e Ourense e un 12% en Vigo-. Esta última xunto con Ferrol acumulan catro e seis meses consecutivos, respectivamente, de caída do número de noites, a taxas ademais importantes no caso da cidade departamental. A Coruña, en cambio, rexistra seis meses consecutivos de crecemento da demanda.
- Así pois apréciase un comportamento positivo nalgunhas das cidades que habitualmente teñen un maior peso en Galicia -Santiago e A Coruña neste caso-, xunto con Lugo e, pola contra, caída en Vigo -a cuarta consecutiva neste ano- e nalgúns dos destinos de menor relevancia en termos cuantitativos.
- O comportamento do nivel de demanda vén como consecuencia de variacións parellas da cifra de viaxeiros aloxados con pequenos axustes en sentido positivo ou negativo da estadía media -amplifican, por exemplo, o crecemento en A Coruña ou a caída en Vigo-.
- En termos globais o conxunto do turismo urbano en Galicia increméntase levemente neste mes de xuño -un 1% en particular-, circunstancia que presenta en síntese un comportamento de menor intensidade que o conxunto da comunidade -onde en termos globais o nivel de demanda sobe un 5,0%-. No resto de Galicia, fóra das sete cidades, o nivel de demanda crece con maior intensidade, nun 8,2% neste caso. O diferente dinamismo leva a que o peso do turismo urbano baixe en relación ao mes de xuño do pasado ano -en dous puntos porcentuais- situándose no 42,3% do total da comunidade.
- O turismo de ámbito nacional é maioritario en boa parte das cidades consideradas -cinco en particular-, en porcentaxes que van do 57% en Vigo a arredor do 70% en A Coruña e Ferrol, a case o 80% en Lugo, e a máis do 80% en Ourense -esta última presenta o maior



peso do mercado nacional co 84% do total da demanda-. Neste mes marcan a excepción dous destinos por presentar maior volume e peso do mercado internacional -supón o 55% das noites en Pontevedra e o 60% en Santiago-.

- Acontece isto por terceira vez consecutiva nos últimos oito meses pois desde novembro ata marzo todas as cidades de Galicia rexistraron, con maior ou menos intensidade, maior volume e peso do turismo nacional fronte ao internacional. A temporada media -meses de abril, maio e xuño- coloca neste caso a Santiago e Pontevedra con perfís da demanda diferentes.
- Así pois, esta distribución por mercados nas cidades de Galicia -perfil da demanda no ámbito urbano- equivale á observada en abril e maio, e nos meses de temporada media do pasado ano, e difire do rexistrado na temporada baixa e no verán -meses nos que practicamente todas as cidades presentan maior volume e peso do mercado nacional sobre o internacional-.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar dos dous segmentos de mercado nas sete cidades de Galicia, con variacións de diversa intensidade.
- O turismo de ámbito nacional presenta un comportamento positivo en tres destinos, con incrementos de maior intensidade en Santiago -do 7%- e máis suaves en A Coruña -do 2%- e Lugo -do 1% neste caso-. Descende, en cambio, nas catro restantes cidades con maior intensidade neste caso en Pontevedra -rexistra un descenso do 27% en relación ao mes de xuño do pasado ano-.
- O mercado internacional presenta tamén unha dinámica variable, con comportamento positivo en catro cidades -de elevada intensidade en A Coruña, Lugo e Pontevedra, con incrementos por encima do 20% internual, e máis suave en Santiago, onde o turismo estranxeiro sube un 4%- . En contra, o mercado internacional descende nas tres cidades restantes -un 4% en Ferrol, e preto dun 10% en Vigo e Ourense-.
- Desta maneira todos os destinos agás Pontevedra presentan un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado, con incrementos paralelos para o nacional e o internacional en A Coruña, Santiago e Lugo e caídas de ambos mercados en Ferrol, Ourense e Vigo.
- En termos globais, e para o conxunto dos destinos urbanos, o comportamento de ambos segmentos de mercado cambia levemente en relación ao pasado ano. Neste sentido descende en conxunto o turismo de ámbito nacional -nun 3,3%- mais increméntase o internacional -nun 6,8% neste caso-. Marca diferenza esta dinámica co observado no resto da comunidade -destinos de litoral e interior- onde se aprecia un crecemento de ambos segmentos de mercado -do 6% o nacional e do 13% o internacional-.
- A estadía media no conxunto dos destinos urbanos de Galicia sitúase en 1,7 noites, cifra equivalente á media da comunidade e similar tamén á media dos destinos non urbanos de Galicia -que fica en 1,8 noites-. Este dato varía notablemente nas diferentes cidades acadando o valor máis elevado Ferrol -con 2,3 noites-, e o máis baixo Santiago e Pontevedra -ambas con 1,6 noites neste caso-. Son xustamente as cidades con maior peso do turismo internacional e cuxo perfil se asocia en boa medida ao Camiño de Santiago.




- En termos dinámicos a estadía media increméntase en tres destinos, de forma destacada en Ferrol -supera nun 17% o valor do pasado ano- e máis suave en A Coruña -un 5% neste caso-. Mantense estable en Ourense, e descende, en cambio, nas tres restantes -entre o 5% en Santiago e o 11% en Vigo-.
- A capacidade de recuperación dos destinos urbanos varía tamén desde o lado da oferta de aloxamento. Neste mes tres destinos rexistran un incremento do número de prazas ofertadas en relación ao pasado ano -do 7,4% en Lugo e arredor dun 2% en Santiago e Vigo-. Ourense mantense en cifras parellas mentres que os tres destinos restantes amosan caídas en termos interanuais, moi suaves en A Coruña e Ferrol -arredor do 2%- e máis destacada en Pontevedra -do 8% neste caso-.
- O comportamento da demanda neste contexto de evolución da oferta dispoñible tradúcese nunha variación algo dispar dos niveis de ocupación hoteleira, na liña do observado do lado das pernoctacións. Así, aprécianse melloras en tres destinos, con subas destacadas en A Coruña -do contorno dos sete puntos porcentuais- e máis moderadas en Santiago e Pontevedra -de algo máis de dous puntos en ambos casos-. Mantense relativamente estable o nivel de ocupación en Lugo e, pola contra, descende en Ferrol -en máis de dous puntos-, en Ourense -en catro puntos- e en Vigo -en máis de sete puntos neste caso-.
- Cun 70,7% de media Santiago rexistra neste sexto mes de 2025 a porcentaxe de ocupación máis elevada dos destinos urbanos de Galicia -circunstancia que acontece por terceira vez consecutiva nos últimos meses, substituindo a Ourense que rexistrou a porcentaxe máis alta en xaneiro e marzo, e a A Coruña que liderou o ranking en febreiro-, consolidando desta maneira o liderazgo na temporada media. Os restantes destinos rexistran unha ocupación media inferior e variable destacando A Coruña cun 61,9% e Ourense e Pontevedra -ambas con arredor do 55%-. No lado oposto rexistran as cifras máis baixas Vigo -cun 47,2%- e Ferrol -cun 42,7% neste caso-.
- No conxunto dos destinos urbanos de Galicia o nivel de ocupación hoteleira sitúase no 58,7%, once puntos por encima da media da comunidade. Mellora en medio punto a porcentaxe do pasado ano acadando con isto a cifra máis elevada desde cando menos os últimos seis anos -en xuño de 2019 a ocupación media situábase no 59,0%-.
- As tarifas hoteleiras acadan os 108,1 euros de ingreso medio por habitación ocupada en Santiago, destino que por sexta vez consecutiva desde outubro do pasado ano rexistra o nivel máis elevado -substituindo a Vigo, destino que presenta as tarifas máis altas no final de 2024-. As restantes cidades presentan cifras inferiores -con algunhas diferenzas-, cun valor máis alto A Coruña -que rexistra 79,9 euros-. Lugo marca unha vez máis o valor máis baixo con 59,3 euros de media neste caso.
- Os prezos medios variaron de forma parella neste mes de xuño. Así todos os destinos melloran as cifras do pasado ano en porcentaxes máis suaves e moderadas en A Coruña e Ourense -arredor dun 3% en ambas- e con maior intensidade en Lugo -destino onde as tarifas hoteleiras soben un 19,7% en relación ao mes de xuño do pasado ano-.




- En termos de rendibilidade -RevPAR hoteleiro- obsérvanse melloras en tres destinos urbanos de Galicia. Así sobe e mellora o nivel do pasado ano en A Coruña -un 5%- , en Santiago -un 7%- e en Lugo -un 20% neste caso-, como consecuencia dun incremento das tarifas hoteleiras acompañado por unha mellora dos niveis de ocupación nas dúas primeiras. O RevPAR hoteleiro cae, sen embargo, en Vigo e Ourense -un 1% e 7%, respectivamente-, como consecuencia en ambos casos de descenso da ocupación -superior en intensidade ao crecemento das tarifas-.
- Tamén neste caso Santiago é o destino urbano que presenta o nivel de rendibilidade hoteleira máis elevado agora en xuño -o RevPAR sitúase no contorno dos 86 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-. Nun segundo grupo sitúase A Coruña -con 58,8 euros-, por diante de Vigo -con 47,3 euros-, Ourense -con 42,5 euros- e Lugo -con 36,9 euros de media neste caso-.
- En termos de emprego obsérvase certa estabilidade do número de traballadores no segmento hoteleiro das cidades de Galicia en relación ao pasado ano -a variación é inferior ao 1% interanual-, colocando o volume final en preto de tres mil neste mes de xuño.
- Esta dinámica vén de contrapoñer comportamentos dispares en termos de emprego, con crecemento claro en Vigo -do 8% en relación ao pasado ano-, estabilidade en Santiago e Lugo, e caída nas restantes catro cidades -do 2% en Pontevedra, e de entre o 5% e 7% en Ferrol, Ourense e A Coruña.


Demanda hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. Noites, xuño 2025




Variación da demanda turística nas cidades. Noites xuño 2025/24



Estadía media hoteleira nas cidades de Galicia. Xuño 2025




Nivel de ocupación e variación interanual. Xuño 2025







Peso dos mercados nacional e internacional. Noites, xuño 2025



Variación demanda turística, por procedencia. Noites, xuño 2025/24



ADR hoteleiro nos destinos urbanos. Xuño 2025



RevPAR hoteleiro nos destinos urbanos. Xuño 2025

